

VARELA, Julia & PARRA, Pilar & VAL CUBERO, Alejandra. *Memorias para hacer camino. Relatos de vida de once mujeres españolas de la generación del 68.*(Madrid. Morata. Colección Raíces da memoria, 2016)

“Ás mulleres españolas que loitaron durante o franquismo para mellorar o noso modo de vida, e contribuir á democratización social e política do noso país, posiblemente lles resultará difícil aceptar que na actualidade, cando levan transcorrido máis de 75 anos desde que finalizou a guerra civil española, aínda non se fixeran realidade moitos dos ideais que daquela consideraban non só posibles, senón tamén necesarios”.

Así comeza a profesora Julia Varela esta obra colectiva que ofrece as conversas con once mulleres provenientes das clases populares e da burguesía, resulta-

do de sucesivas entrevistas que realizou a propia Julia entre os anos 2013 e 2015 e que conta tamén cos cuidadosos estudos de Pilar Parra e Alejandra Val Cubero, no desexo de que estas traxectorias biográficas contribúan a manter viva a memoria histórica para que as xeracións novas non se sintan perdidas e sen referencias; a enriquecer a comprensión do presente e constituir un estímulo para seguir avanzando na igualdade e emendar parcialmente a inxustiza da invisibilidade histórica das mulleres.

Coa lucidez e agudeza crítica que caracteriza as súas investigacións, a socióloga opta por presentar os once relatos adoptando a forma de historias de vida, respectando ao máximo o rexistro das conversas gravadas. Lonxe de fragmentar a narrativa das informantes en función das distintas dimensións que se pretenden explorar, tales como a familia, a educación, as amizades, o traballo, as asociaciónns de mulleres etc., considera que é preciso non desvincular as narracións de vida das mulleres entrevistadas da súa propia historia personal, de modo que opta por articular as súas memorias e os seus recordos no marco global da historia social e política.

Cristina Alberti Alonso, Jimena Alonso Matthias, María del Carmen Costa Gutiérrez, Desideria Contreras Parra, Juana López Vázquez, Lourdes Ortiz Sánchez, Ramona Parra Martínez, Rosa Pereda De Castro, Empar Pineda Erdozia, Concha Selgas Morales e Aurora (pseudónimo): a escoita atenta das súas voces permite apreciar como foron construíndo a visión do mundo, a propia “identidade”, e tamén o peso que desempeñaron nos seus estilos de pensar e nos seus modos de vida o ambiente familiar, o tipo de educación recibida, a súa formación profesional, o grupo de

iguais, a elección da profesión, a aceptación ou resistencia fronte a unha presunta servidume voluntaria... O resultado contribúe a obxectivar como as orixes exercen un gran peso nos destinos. En definitiva, como a nosa singularidade é o resultado de interaccións e de redes sociais que regulan e dan senso á nosa existencia; asunto especialmente importante no mundo actual que, cada vez máis individualizado –a ficción dun “eu” totalmente autónomo, promovida entre outros por todos aqueles que nos aseguran que todo está na mente–, nos impide percibir o enorme peso das clases sociais e das relacións de xénero nas nosas vidas, tal e como ben explica a propia Julia.

Grazas á profundidade e detallismo das descrições, ampliamos unha parte da historia roubada, aquela en que as mulleres son as protagonistas, ao contarnos a súa vida persoal, que ten tanto de social: a omnipresenza da Igrexa, a organización do traballo nas fábricas e nas casas, a forte división sexual das tarefas, as formas de resistencia na vida cotiá, a convocatoria de folgas e manifestacións, os despedimentos, o asociacionismo, a situación no servizo doméstico, o traballo nas industrias do téxtil, das conservas ou do calzado, a responsabilidade absoluta das tarefas dos coidados, o papel da nai e do pai na súa educación, as festas, comidas e bailes, os castigos, o pracer de aprender, os xogos populares, as relación de noivado e de matrimonio, a decisión de non casar, as conversas, as rúas como espazo para falar, os efectos do uso ou da prohibición dos anticonceptivos, as enfermidades como a tuberculose e a estancia nos sanatorios, as cancións, a píldora, o primeiro bikini, o aprender a “ser para outro”, as transgre-

sións..., a importancia unánime da cultura, dos estudos, da educación, ben como aspiración, ben como conquista. Vemos grandes doses do que Julia engloba baixo a rúbrica de capital altruísta: “ese capital socialmente desvalorizado se se pensa en termos de racionalidade abstracta ou de racionalidade científica, ese capital infravalorado e relegado fronte ao capital económico, pero fundamental para a calidade de vida e a riqueza das relacións sociais e que leva sendo en gran medida o principal capital permitido ou tolerado nos últimos séculos ás mulleres.(...) Podería entenderse como o sentido, a sensibilidade, o afecto, que os suxeitos confiren aos seus actos, e ás relacións sociais”.

Estas mulleres da xeración do 68, saíron a flote en tempos difíciles, e seguiron loitando pola emancipación das mulleres e pola democratización da sociedade. Son mulleres valentes, transgresoras, que loitaron e loitan por conquistar o dereito a unha cidadanía plena e que entenden que a situación de discriminación das mulleres cambiou notablemente en España desde os anos 60, pero tamén teñen clara conciencia de que queda moito camiño por andar.

Os dous últimos capítulos achegan unha rigorosa e interesante revisión do estado da cuestión, isto é, do papel das mulleres nos movementos de resistencia creados durante os últimos anos do Franquismo e a transición. No estudo da profesora Pilar Parra –“Da ditadura á democracia. Mulleres españolas das clases populares en loita pola igualdade e o cambio social”– vemos como potente fío condutor a presenza das mulleres nas loitas da vida cotiá por un mundo máis xusto, así como dos seus compromisos no traballo, e na loita polos dereitos

das clases traballadoras. O da profesora Alejandra Val, baixo o título “O feminismo na transición española e a súa loita pola emancipación das mulleres”, afonda no traballo das mulleres nas asociacións, amosando como durante a ditadura centos de mulleres se reuniron, discutiron, se organizaron e actuaron para dar lugar a un dos movementos sociais máis activo e innovador da transición democrática. Nas súas palabras “O movemento feminista foi un movemento profundamente progresista e transgresor, e a historia da transición, sen estas mulleres, e sen as súas reivindicacións e loitas conxuntas, tería sido moi diferente, e os logros, posiblemente fosen outros”.

Os relatos e as reflexións recollidas nesta investigación, a través das diferentes fontes orais e documentais, apuntan hoxe que a emancipación das mulleres non é allea á loita contra as ditaduras e contra os fundamentalismos de todo tipo, incluídos os impulsados polas políticas neoliberais e neoconservadoras que, como advirte a profesora Julia Varela, son as responsables de que esteamos asistindo ó retorno da cuestión social.

No contexto de sociedades formalmente democráticas, baixo o principio da libre elección, unha das estratexias derivadas da alianza entre neoliberalismo e patriarcado é dar a igualdade entre mulleres e homes por conquistada. Mais a realidade é teimuda e insiste en demostrar que, lonxe de ser un problema de épocas pasadas, esta desigualdade está de rabiosa actualidade. Así se denuncia ao longo desta obra, cando se evidencia como as mulleres sofren, entre outros, unha maior porcentaxe de desemprego, máis emprego a tempo parcial, sexa por contrato indefinido sexa temporal, e máis a fenda salarial; no ser-

vizo doméstico, no sector téxtil, no calzado e na conserva asístese a un proceso de crecente deslocalización, desenvolvéndose unha dinámica de subcontratación que comporta maior precarización; o asasinato e a violencia contra as mulleres non cesan e repuntan; continúaase a subvencionar con cartos públicos colexios que segregan por sexos, a influencia da Igrexa católica nas institucións sociais, a transfobia e a falta de dereitos sexuais e reproductivos... Listaxe de inxustizas que producen asfixia, e nos convoca á reflexión crítica e a un maior compromiso para resolver os problemas fundamentais da humanidade, e a esixir políticas que asignen a esta nova cuestión social unha posición nuclear.

Non é este un asunto que se poida resolver desde o tan reclamado presentismo nin tampouco desde o individualismo, pero non estamos soas, e contamos con importantes referentes. As palabras de Julia Varela, Pilar Parra e Alejandra Val, xunto coas das outras 11 protagonistas, dannos algunhas pistas para articular as respostas ante esta contrarreforma patriarcal. Defenden a importancia do asociacionismo, das manifestacións, de falar en público, escribir, ler, ocupar posicións relevantes para cambiar as cousas, de democratizar as institucións, de entender como o asociacionismo entre as mulleres foi e continúa sendo clave para visibilizarmos a súa situación, para priorizar as reivindicacións de igualdade e dignidade das mulleres de tódalas ideoloxías e clases sociais e ser canles de diálogo cos organismos públicos. Reclaman, xa que logo, a necesidade de fortalecer os grupos feministas, pois a igualdade entre as mulleres e os homes é chave para o equilibrio entre ambos e un paso importante para acadar unha sociedade máis xusta.

Explica Julia Varela que este libro rende homenaxe tanto ás mobilizacións visibles como ás loitas cotiás, caladas, de tantas mulleres moitas veces ignoradas; que son memorias para facer camiño, relatos de confidencias autobiográficas que contribúen a obxectivar e, por tanto, resolver os problemas fundamentais da humanidade, materiais para a reflexión e a acción. Escoitemos algún dos ecos das súas vidas:

“O traballo de ama de casa é un traballo que non se ve, que se desfai continuamente. Pero a cultura nunca se desfai” (Juana).

“Na escola faciamos moitas cousas. Aprendemos de todo, a ler, a facer problemas, contas. A táboa de multiplicar eu aprendina sendo moi pequena. Estudabamos os mapas, e aprendiamos os ríos, todo iso sabíamolo de memoria. Desde os 13 anos que deixei a escola non volví a estudar, aínda que a miña mestra quería que estudase. Creo que se fose neno si tería estudado. Polas tardes faciamos labores no colexio, primeiro faciamos un traballo de costuras cun dobladillo, logo unha vainica, un zurcido, un festón...” (Desideria).

“Eu empecei a traballar aos 12 anos na fábrica de Ameixide (...) pero había rapazas que comezaban a traballar cando eran case nenas (...) Homes había uns dez ou doce que coidaban as máquinas e da fábrica, e mulleres eramos máis de cen. Cando chegaba o peixe traballábase arreo, incluso de noite e tamén os festivos (...). Nunca fixen o que me tería gustado facer” (M Carmen).

“O contorno era así e os homes parecían todos cortados polo mesmo patrón. Agora que son maior doume de conta de que eran machistas (...). Ás veces penso

que nacín nunha época e nun ambiente equivocado, nun lugar que non me correspondía, porque vivir nunha contorna en que tiñas que xustificarte continuamente, doíame moitísimo e paseino moi mal” (Concha).

“Ademais de loitar pola mellora das condicións laborais, facíamolo para ter máis dereitos en todos os ámbitos, por iso participamos nas loitas polo divorcio, polo aborto, por unha sexualidade libre. Naquela época rompíamos con todo” (Ramona).

“A sociedade non espera moito das mulleres, ou sexa, unha muller queda cumprida cun traballo medio, e con cooperar nos gastos familiares. Parece que basta con que faga calquera cousa. En cambio, a un home obrígaselle a ter máis ambición, espérase máis del” (Cristina).

“Parece mentira como están proliferando o machismo descarado, o maltrato, etc. nos últimos anos. É espantoso (...). En moitos aspectos houbo retrocesos (...). Outro signo da involución é a ideoloxía neoliberal conservadora que quere meter de novo as rapazas na casa, aproveitando a crise económica” (Lourdes).

“Nunca pelexei polo poder (...). As relacións máis libres víronse favorecidas neses anos porque empezou a usarse a píldora. Foi un erro pensar que eras igual, que podías criticar e que non tiñas que pasar polo aro. Fun moi lenta para dar-me conta de que existían desigualdades de xénero, conflitos e intereses creados, aínda que moi precoz en entender as diferenzas socioeconómicas” (Rosa).

“Os nosos compañeiros e colegas preguntábanos que faciamos nas reunións de mulleres, se falabamos de sexo, se falabamos deles (...). Cando dicíamos que

falabamos da distribución do poder na vida cotiá dicíannos que debiamos pensar que iso podía levarlos a perder o desexo sexual (...). Non estaban dispostos a entender os nosos debates” (Jimena).


“No movemento feminista deste país o peso da sexualidade, o reclamo de que as mulleres somos tamén seres sexuais, tivo unha incidencia moi forte desde os comezos (...). Quizás co tema da transexualidade aínda nos queden anos para que se acepte e non se considere unha patoloxía (...). Hai un retroceso no que se refire á educación sexual (...). Convén ir onde están os mozos, non esperar a que eles veñan, porque o certo é que unha boa parte non manifesta moito interese por informarse” (Empar).

“O meu pai tiña unha concepción de min que non era boa, pensaba que era dura, pouco accesible, con moito xenio. Eu era para el demasiado rebelde” (Aurora).

Acabamos de celebrar outro 8 de marzo, e xa van moitos, como diría Amelia Valcárcel: “tres séculos de teoría e práctica avalan o feminismo: esa tradición política da modernidade, igualitaria, democrática, que mantén que ningún individuo da especie humana debe ser excluído de calquera ben e de ningún dereito a causa do seu sexo”. Como é posible que aínda se escoiten voces que preguntan: Pero que máis queren? Que queren as mulleres? Como é posible que ante a pregunta, Vostede considérase feminista?, persoas con cargos públicos contesten ano tras ano: Depende, depende do que se entenda por feminismo, ou Non me gustan as etiquetas. Eu prefiro falar de persoas e non de xéneros. Este libro fala dun tipo de opresión, aquela que coloca as mulleres en posición de desigualdade para

desfrutar dos dereitos a unha cidadanía plena. Fala, pois, tamén de feminismos.

Ana IGLESIAS GALDO
UDC



GROSSO CORREIA, Luís (Coordenador),
***Do Liceu Feminino do Porto à Escola Secundária Carolina Michaelis*, Lisboa,**
Edições Colibri/Agrupamento de Escolas Carolina Michaelis (Porto: Câmara Municipal do Porto), 2016, 452 pp. ISBN 978-989-689-575

Sob o signo das comemorações do centenario do portuense Liceu Carolina Michaelis, foi editado o magnífico libro *Do Liceu Feminino do Porto à Escola Secundária Carolina Michaelis*, coordinado por Luís Grosso Correia. É unha obra que se incorpora, con dignidade e originalidade, numa já significativa historiografía sobre os liceus portugueses. Com creatividade metodológica a monografía respondeu ao repto das comemorações e con novidade